



TEMA 69

**RÉXIMES POLÍTICOS E CONFLITOS INTERNOS NO MUNDO ACTUAL. PRINCIPAIS
FOCOS DE TENSÓN NAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS.**

22 - 23
XEOGRAFÍA E HISTORIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.

2. RÉXIMES POLÍTICOS.

3. REPERCUSIÓNS DA CAÍDA DO BLOQUE SOVIÉTICO.

4. PRINCIPAIS FOCOS DE TENSIÓN NAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS.

5. BIBLIOGRAFÍA.

1. INTRODUCCIÓN.

A I Guerra Mundial foi seguida de epidemias, revolucións, o fracaso e a quebra de Estados, fortes procesos inflacionarios e desemprego a unha escala nunca vista. Estes acontecementos precipitaron a caída da maioría das democracias do mundo, xurdindo Estados totalitarios que levaron a unha II Guerra Mundial máis destrutiva aínda. Houbo limpeza étnica, tortura, guerras de exterminio e xenocidios deliberados de magnitude inimaxinable. Despois de 1945 a Gran Depresión e o fascismo permaneceron nas mentes, buscando que o período 1914-1945 non se repetise.

Nese contexto aparecen no mundo occidental os *trinta gloriosos* (1945- 1975), cun crecemento económico e un Estado de benestar que reduciron as desigualdades e permitiron un aumento xeneralizado do nivel de vida, que finaliza coa crise do petróleo de 1973 e a súa progresiva substitución, acelerada tras o final da Guerra Fría, polo modelo neoliberal. O proceso de globalización da economía e liberalización dos mercados (financiarización da economía, grandes concentracións empresariais, privatizacións, deslocalización e precarización do traballo), xunto ás transformacións tecnolóxicas da cuarta revolución industrial, tiveron como consecuencia un enfraquecemento da soberanía política.

Para analizar a realidade fuxindo de calquera tentación de idealización dun pasado, que, sen dúbida, non foi idílico, centrémonos nos datos: segundo *World Inequality Lab* en 2018 o 1% da poboación mundial recibía o dobre de ingresos que o 50% máis pobre; en Estados Unidos en 1980 o 50% das rendas máis baixas repartíanse o 20% do total do ingreso nacional, en 2016 só era o 13%; o ascensor social non remite agora á apracible vida burguesa, máis ben á vertixe das atraccións de terror dos parques temáticos, coas súas caídas simuladas ao baleiro: máis de 9 de cada 10 norteamericanos nados en 1940 gañaban máis que os seus pais á idade de trinta anos, mentres iso só acontecía con 1 de cada 10 dos nados en 1980; actualmente, segundo Ipsos, o 58% dos cidadáns da UE considera que os seus fillos/as vivirán peor ca eles.

É un feito que a partir dos oitenta a desigualdade aumentou significativamente, mentres a confianza no sistema vaise erosionando. Isto non quere dicir que non houbera momentos de optimismo, especialmente impulsados pola finalización da Guerra Fría, que levou a unha fe neopositivista no progreso, a democracia e o fin dos conflitos internacionais. O 11S pechou abruptamente esta etapa e, máis adiante, a quebra de Lehman Brothers en 2008 iniciou a crise máis grande do capitalismo desde 1929.

2. RÉXIMES POLÍTICOS.

CONCEPTO. Ao falar de réxime político referímonos a un modo de organización e de contención do poder político. O poder político é eminentemente violento, por iso Weber definía o Estado como aquel ente que posúe o monopolio lexítimo da violencia. De aí a necesidade de contelo, establecendo límites claros ao poder estatal.

ESTADOS DEMOCRÁTICOS. A gran maioría de democracias actuais son sistemas representativos, é dicir, democracias nas que o soberano (pobo) actúa mediante eleccións periódicas e a partir delas xera o poder político. Nas democracias directas o pobo soberano toma por si mesmo as decisións fundamentais.

RÉXIME PARLAMENTARIO. O paradigma é Reino Unido, onde nace e atopamos o modelo puro. O órgano principal é o Parlamento. Independentemente das regras electorais, vemos unha separación na función executiva cun Xefe de Estado (Rei ou Presidente) diferente ao de Goberno, que xorde en todos os casos a partir dunha decisión do Parlamento, que pode ser de natureza monocameral (unha soa cámara lexislativa) ou bicameral.

Variantes de réximes parlamentarios:

- “Parlamentarismo maioritario”, un só partido (sen necesidade de formar alianza) obtén a maioría absoluta. O paradigma novamente é Reino Unido.
- “Parlamentarismo transaccional”, o poder executivo adoita estar conformado por unha coalición de partidos. As coalicións fórmanse despois das eleccións e non por compromisos previos, polo que os programas de goberno transfórmanse no instrumento de transacción.

RÉXIME PRESIDENCIAL. Está concentrado principalmente en América, onde atopamos o berce do presidencialismo e o seu modelo puro: EE. UU. Teoricamente o órgano principal é o presidente; con todo, ese rol preponderante desempeñao nunha relación sumamente complexa co Congreso e especialmente co Senado. Adoita haber dous cámaras, ambas con poderes relevantes. No modelo norteamericano, por ser un Estado federal, o Senado é o principal órgano lexislativo, alí conflúen os representantes de cada Estado (2 senadores por cada un, renovándose por terzos cada dous anos). A Cámara de Representantes, en cambio, elíxese cada dous anos, coincidindo coa metade do mandato de cada presidente, estás son as chamadas eleccións de “*medio termo*” (*midterm*). Canto máis grande sexa un Estado maior posibilidade existe de que adopte o bicameralismo, así como tamén se o Estado é federal.

Sistema de controis e equilibrios. O modelo orixinal do presidencialismo norteamericano data de 1787, cando se aproba a Constitución. Desde os seus inicios, descansa sobre un complexo sistema chamado *checks and balances*, que entraña a idea dun control mutuo entre os distintos poderes, co obxectivo de disipar o medo a unha ditadura e aos abusos de poder.

As maiorías lexislativas no Presidencialismo. A diferenza do que ocorre nun Réxime Parlamentario, onde o Primeiro Ministro necesariamente depende da confianza dunha maioría parlamentaria, o presidente pode gobernar sen ter maioría no Congreso.

RÉXIME SEMI-PRESIDENCIAL ou semi-parlamentarismo. O modelo puro atopámolo en Francia, na V República, coa Constitución de 1958.

Características:

- Diarquía ou executivo dual: un Presidente, que é xefe de Estado e é elixido por sufraxio universal, a dúas voltas e por un mandato de 5 anos; e un Primeiro Ministro que exerce de Xefe de Goberno, elixido pola Asemblea Nacional, cada un con amplas facultades. Existen atribucións exclusivas do Presidente: relacións internacionais e defensa, pero tanto Presidente como Parlamento (Goberno) gozan de moito poder.
- Principio da confianza. O Primeiro Ministro é proposto polo Presidente, pero debe ser confirmado polo Parlamento.

Casos de réximes semi-presidenciais. Ademais de Francia, podemos atopalo na rexión poscomunista de Europa, en países como Rusia, Ucraína, Bulgaria, etc. Tamén, e como herdanza do colonialismo francés, en países como Burkina-Faso ou Senegal.

BIPARTIDISMO E TIPOS DE MULTIPARTIDISMO. Duverger afirmou que os sistemas de partidos de tipo occidental encaixan nun destes dous modelos: bipartidismo ou multipartidismo. Segundo el, o dualismo é natural, e aínda cando non nos atopemos sempre diante dun sistema bipartidista, case sempre nos atoparemos, por todo o mundo, diante dun *“dualismo de tendencias”*.

Giovanni Sartori discute ambas hipóteses, sinalando que podemos estudar en Europa occidental non dúas, senón tres tipos de sistemas: pluralismo bipartidista, pluralismo moderado e pluralismo extremo.

CENTRALIZACIÓN E DESCENTRALIZACIÓN: UNITARISMO E FEDERALISMO. A organización territorial do Estado diferencia entre aquel cualificado como unitario ou centralizado, fronte aos descentralizados (tanto o modelo federal como o rexional ou autonómico).

O **Estado unitario** ou centralizado diferénciase do descentralizado pola existencia de: ordenamento uniforme en todo o territorio; un só conxunto institucional e non varios limitados territorialmente; e unha única organización xerárquica dos poderes públicos (López Guerra). É o caso de Francia, Suecia, Israel ou Xapón. Salvo casos moi concretos (por exemplo, o Vaticano), na actualidade o Estado unitario asume a descentralización administrativa e a desconcentración.

A orixe do Estado unitario remóntase ao propio nacemento do Estado, en época moderna. O policentrismo medieval deu paso ao monocentrismo renacentista. Así, a configuración dos primeiros Estados era unitaria, cun só centro político, o Rei/Príncipe, con carácter excluínte respecto doutros poderes, tanto internos (señores feudais) como externos (o Papado e o Imperio).

Dentro dos **Estados descentralizados**, atopamos o **Estado federal**, aquela formación estatal que a través da repartición de poder entre as institucións centrais e as dos Estados membros, con base nas súas respectivas Constitucións, promove a integración das diferentes entidades territoriais, respectando a súa diversidade e observando a imprescindible unidade estatal.

Distínguense dúas categorías en función de como se procedeu á súa creación:

- Federalismo por concentración ou integrativo, protagonizado por aqueles Estados independentes que deciden asociarse nunha unión estatal estable. É o caso de Estados Unidos. É resultado de forzas centrípetas, realizado de abaixo cara arriba.
- Federalismo por devolución ou desintegrativo, protagonizado por un Estado formalmente unitario ou rexional que procede á súa desintegración converténdose en Estado federal, outorgando ás súas entidades territoriais a categoría de Estados membros. Exerceuse desde arriba cara abaixo, con predominio das forzas centrífugas. Aquí están Brasil ou México.

Hai unha serie de **atributos útiles para perfilar a existencia dun Estado federal**, aínda que non necesariamente habemos de atoparnos con todos na análise dun Estado federal concreto:

- A existencia dunha Constitución escrita que teña un carácter ríxido, establecendo con claridade as competencias entre Estado e goberno federal.
- Existencia de constitucións en cada un dos Estados federados, proba da súa estatalidade.
- A singularidade das segundas cámaras federais é unha cuestión de grao, de peso político e xurídico. Unha segunda Cámara depuradamente federal sería aquela que legisla con exclusividade ou con predominio respecto á Cámara Baixa naquelas cuestións que afecten o estatuto dos Estados membros ou ás relacións entre estes e o Estado central.
- A existencia dun Tribunal Constitucional ou Supremo encargado de resolver os litixios dos Estados membros entre si ou respecto ás instancias centrais.

CONFLICTOS POLÍTICOS INTERNOS NOS RÉXIMES DEMOCRÁTICOS:

- **Crise do Estado do Benestar**. Como vimos na introdución, desenvólvese tras a Segunda Guerra Mundial polo perigo de soviétización durante a Guerra Fría. Ao final desta únense o constante envellecemento, o triunfo das teses neoliberais, a crise económica de principio dos noventa e, sobre todo, a gran recesión de 2008.
- **Debilitamento do sistema democrático**, o que pode levar a un crecemento do autoritarismo e os neofascismos. Os partidos políticos e as grandes corporacións acaban coincidindo en intereses.
- **Desequilibrio ecolóxico**. O goberno debería encabezar a loita por protexer o medio ambiente, pero non asume as súas responsabilidades.
- **Crecente interdependencia do sistema económico**. Determinadas empresas multinacionais escapan ao control dos gobernos.

ESTADOS NON DEMOCRÁTICOS:

AUTORITARISMO. Os gobernos autoritarios adoitan formarse logo de Golpes de Estado, é dicir, episodios máis ou menos violentos mediante o cal un grupo (xeralmente castrense) derroca ao goberno constitucional, impoñéndose como cabeza do goberno, baixo a forma dunha ditadura.

En canto ás súas orixes, xorden xeralmente no contexto de Estados fallidos ou democracias que non lograron afianzarse, ou sexa, por mor de graves problemas económicos, políticos e sociais. Con todo, tamén obedecen a factores externos, como foi o caso da Guerra Fría.

Autores como Linz e Stepan identifican outra forma de autoritarismo: “*sultanismo*”, en certos países existe confusión entre o espazo privado do gobernante e o espazo público do Estado.

TOTALITARISMOS. A categoría é unha idea extraordinariamente controversial. A polémica obedece a que para moitos académicos resulta inconcibible aglutinar nunha mesma categoría réximes tan distintos ideoloxicamente como o nazismo e o estalinismo. Arendt mostrou as profundas afinidades entre eles. Entre as súas características, a fusión entre Estado e partido único; políticas de mobilización intensiva (propagación da mensaxe ideolóxica) e extensiva (a mensaxe abarca toda a poboación) da sociedade, onde a xente é permanentemente adoutrinada por medio de propaganda e a educación ideoloxizada; existencia dun culto ao líder; total intolerancia; utilización sistemática da violencia política e forte represión fronte a calquera tipo de oposición.

RÉXIMES TEOCRÁTICOS, a forma de goberno está supeditada á relixión. É o caso do Vaticano. En Irán un Consello de Aiatolás admite ou rexeita aos candidatos á Presidencia. Noutros a sharía (lei islámica) está considerada como lei superior, importante no islamismo radical.

CONFLITOS INTERNOS NOS PAÍSES NON DEMOCRÁTICOS:

Nos antigos réximes socialistas. Teñen estruturas produtivas caducas, paro, delincuencia e son pouco competitivos.

Nos réximes do Terceiro Mundo. Teñen o problema da dependencia externa, herdada dunha relación colonial e neocolonial inxusta, e elevadas taxas de miseria e pobreza, o que se traduce en problemas sociais e políticos. O exército exerce un papel demasiado importante.

RÉXIMES POLÍTICOS HÍBRIDOS: Na actualidade, boa parte dos réximes políticos non son nin claramente democráticos nin completamente autoritarios. Estes novos réximes foron conceptualizado de diversas formas. Algúns autores caracterízanos como en transición á democracia ou, na súa categorización, utilízanse termos que fan fincapé no elemento democrático: “*democracias de fachada*” (Finer), “*pseudo-democracias*” (Diamond, Linz, Lipset), “*democracias iliberais*” (O’Donnell e Schmitter; Zakaria; Merkel e Croissant) ou, de forma algo contraditoria, como “*democracias autoritarias*” (Sakwa). A utilización desta terminoloxía supón un movemento cara á democracia ou unha proximidade a esta que non sempre se corresponde coa realidade. Outros autores, centraron os seus traballos na adxectivación do autoritarismo: “*autoritarismo competitivo*” (Levitsky e Way) ou “*réximes autocráticos electorais*” (Wigell). Por último, utilizouse a etiqueta común de “*réximes políticos híbridos*” (Karl, primeira autora en acuñar o termo; Diamond; Morlino). En síntese, podemos consideralos como réximes que combinan elementos da democracia (pluralismo, institucións representativas, eleccións ou constitucionalismo) con formas de poder autoritarias.

O PROBLEMA DO POPULISMO. Os especialistas levan décadas preguntándose que é o populismo, sen atopar unha resposta válida. O termo converteuse nun caixón de xastre onde poñer todo o que non encaixa no pensamento e na práctica política tradicional, nunha época que xa non é líquida, como sinalou Bauman, senón gasosa. Todo obxecto político non identificado, desde Trump ao chavismo, pasando por Podemos ou o M5E, acaba sendo populista. O enfoque que tivo máis éxito é o do politólogo holandés Mudde, para o que o populismo sería unha ideoloxía delgada, que considera que a sociedade está dividida basicamente en dous campos homoxéneos e antagónicos: o “*pobo puro*” fronte á “*elite corrupta*”, e que sostén que a política debe ser a expresión da “*vontade xeral do pobo*”. O líder populista quere unha identificación emotiva máis que unha demanda de *accountability*. Quizais a solución ao problema de indefinición sexa a proposta por Enzo Traverso: consideralo non un substantivo, senón un adxectivo. Por tanto, non sería unha ideoloxía, máis ben trataríase dun procedemento retórico que consiste en exaltar as virtudes “*naturais*” do pobo para mobilizar ás masas contra o sistema.

3. REPERCUSIÓNS DA CAÍDA DO BLOQUE SOVIÉTICO.

Ao longo de corenta anos a Unión Soviética derrotou a Hitler, ocupou a metade de Europa e reproduciu unha a unha as armas de Occidente, aínda que o prezo que pagou foi terrible. No apoxeo do proceso, entre o 30 e o 40% dos recursos soviéticos desviábase a gasto militar.

Despois da morte de Brézhnev, Andrópov e Chernenko, en 1985 foi nomeado Mijaíl Gorbachov, un comunista reformista. Tratou desde o principio de revisar a economía. Non tardou en darse conta de que non era máis que un síntoma dun mal maior. En consecuencia, recorreu á *glasnost*, a “*transparencia*”: o fomento oficial do debate público sobre un abanico de asuntos delimitado.

En política exterior, deixou claro que estaba decidido a librarse dos máis onerosos estorbos militares. Interrompeu o despregamento de mísiles soviéticos e chegou a ofrecer negociacións sen condicións sobre as forzas nucleares. Comprende a necesidade de sacar á Unión Soviética de Afganistán (1988). Foi moi importante o discurso en Nacións Unidas pronunciado o 7 de decembro de 1988, no que afirmou que “*a liberdade de elección é un principio universal*”. Máis que unha simple renuncia á “*doutrina Brézhnev*”, era un recoñecemento de que Moscova non utilizaría a forza para impoñer a súa interpretación do socialismo en Europa do Leste.

As consecuencias foron enormes. Durante os anos noventa, catro Estados consolidados desapareceron do mapa e naceron outros catorce. As seis repúblicas máis occidentais da URSS (Estonia, Letonia, Lituania, Bielorrusia, Ucraína e Moldavia) convertéronse en países independentes, do mesmo xeito que a propia Rusia. Checoslovaquia partiuse en dous. Iugoslavia rompeu en anacos: Eslovenia, Croacia, Bosnia-Hercegovina, Serbia, Montenegro e Macedonia. A magnitude deste proceso foi comparable ao impacto dos Tratados de Versalles posteriores á Primeira Guerra Mundial. Foi o epílogo do proceso postimperial de formación de Estados que se produciu despois da caída da Turquía otomá, o Imperio Austrohúngaro e a Alemaña guillermana.

En Europa occidental, a reunificación alemá (1990) foi transcendental. Presionados por Washington, británicos e franceses acabaron por aceptar que había que sentar xunto á URSS e a representantes das dúas Alemañas. Estas conversacións, chamadas “4+2”, culminaron na firma dun tratado para un arranxo definitivo. A URSS acabou aceptando que a Alemaña unificada permanecese na OTAN. Ao principio opúxose e mesmo, despois de aceptar, buscou garantías para que non se permitise ás tropas da Alianza situarse a menos de 300 km ao oeste da fronteira polaca, algo que o secretario de Estado estadounidense James Baker chegou a prometer. As concesións tiveron prezo: 71 mil millóns de dólares transferidos entre 1990 e 1994 directamente de Bonn a Moscova, ademais doutros 36 mil para Europa oriental. Kohl tamén aceptou mitigar o medo dos soviéticos (e dos polacos) ao expansionismo alemán, recoñecendo o carácter permanente dos límites orientais do seu país. Non hai dúbida de que as concesións de Gorbachov contribuíron ao declive do seu prestixio interno: de feito, el mesmo advertiu a Baker que unha Alemaña unida dentro da OTAN podería “*ser o fin da perestroika*”.

A nivel interno, nos países bálticos a *glasnost* reabriu a cuestión da independencia, algo confirmado simbolicamente o 23 de agosto de 1989 ao formarse unha cadea humana de 650 quilómetros de lonxitude (*Mans a través do Báltico*) desde Vilna, pasando por Riga, ata Tallinn, no 50 aniversario do Pacto Ribbentrop-Mólotov (que supuxo a invasión destes países pola URSS).

En 1990 produciuse a declaración de independencia de Lituania, mentres Gorbachov seguía sendo quen de impedir a intervención militar. En seis meses practicamente todas as repúblicas soviéticas importantes proclamaron a súa soberanía, aínda que non a súa independencia. En xaneiro de 1991, cando Estados Unidos e os seus aliados estaban absolutamente embebidos na guerra do Golfo, Gorbachov interveu en Lituania e Letonia. Unha semana despois, 150 mil persoas congregábanse en Moscova para manifestarse contra a intervención. Ieltsin, presidente do Soviet Supremo Ruso, viaxou a Tallinn para asinar un acordo de mutuo recoñecemento das “soberanías” de Rusia e das repúblicas bálticas. En marzo de 1991 os referendos de Letonia e Estonia confirmaron a vontade de independencia. Desde Ucraína ata Casaquistán, os gobernantes comunistas podían ver que o presidente soviético estaba sentenciado. Mentres os novos procesos políticos do Báltico reflectían un xeneralizado renacemento nacional, as iniciativas “soberanistas” de moitas repúblicas adoitaban ser unha mestura de sentimento nacional e de instinto de conservación da nomenclatura.

Na época de Gorbachov xa aumentara notablemente a énfase no “carácter ruso”. O patriotismo rexurdiu como útil substituto do socialismo. Foi neste contexto no que se produciu a inesperada aparición de Ieltsin, típico aparatchik da era Brézhnev, que conseguiu facerse co poder capitalizando a súa resistencia ao golpe de Estado de agosto de 1991. Este foi o impulso definitivo para a secesión. Entre o 24 de agosto e o 21 de setembro, Ucraína, Bielorrusia, Moldavia, Acerbaixán, Kirguizistán, Usbequistán, Xeorxia, Tadxiquistán e Armenia seguiron o exemplo das repúblicas bálticas e declaráronse independentes da URSS. Para entón Ieltsin e o Parlamento ruso estaban a establecer un Estado independente. A URSS era unha cáscara baleira. Finalmente, o 8 de decembro Rusia, Ucraína e Bielorrusia reunidos preto de Minsk, asumiron a responsabilidade de denunciar o Tratado de Unión de 1922, e acabaron de feito coa URSS. Para substituíla, propoñían a constitución dunha Comunidade de Estados Independentes (CEI).

Na maioría das novas repúblicas non houbo “**transición á democracia**”. Os secretarios comunistas locais mutaron apaciblemente en presidentes de Estados nacionais. Nestes había moitas minorías vulnerables (sobre todo rusos): antigos cidadáns soviéticos que con razón lamentarían a perda da protección “*imperial*” e que enfocarían a súa nova situación con bastante ambigüidade. Non eran os únicos. Cando Bush visitou Kiev o 1 de agosto de 1991 recomendou aos ucráinos que seguisen na URSS. Se o público ucráino fixo caso omiso aos seus consellos e votou, meses despois, abrumadoramente a favor de abandonar a Unión, non foi por un súbito acceso de entusiasmo patriótico. As independencias de Ucraína, Moldavia e mesmo Xeorxia non foron tanto froito da autodeterminación como do instinto de conservación das súas elites.

Unha das principais consecuencias da caída do bloque comunista foron as **guerras na antiga Iugoslavia** (tema 46), con todas as súas repercusións. Entre 1991 e 1999 centos de miles de bosníacos, croatas, serbios e albaneses foron asasinados, violados ou torturados polos seus concidadáns; mentres millóns víanse obrigados a abandonar as súas casas. A UE mostrouse inoperante.

Desde un punto de vista económico, **a transición do comunismo ao capitalismo foi dura**. A alternativa era, ou ben converter da noite para a mañá unha economía subvencionada nun capitalismo de mercado (*enfoque big bang*) ou proceder con cautela a desmantelar os sectores máis clamorosamente ineficientes da economía planificada, preservando durante o maior tempo posible as medidas que máis importaban á poboación, é dicir, os alugueiros baixos, o traballo garantido e os servizos sociais gratuítos. Na Rusia de Ieltsin, onde se aplicaron ambos enfoques, o tamaño da economía reduciuse drasticamente durante oito anos, constituíndo o máis grande revés sufrido en tempo de paz por unha economía importante durante a historia contemporánea. En Polonia foi onde primeiro se aplicou, e con maior coherencia, o enfoque big bang. No outro extremo atopábanse o eslovaco Mečiar, o romanés Iliescu ou o ucraíno Kuchma, sendo remisos á liberalización dos mercados internos ou á redución da participación estatal na economía.

En moitos países poscomunistas o resultado foi unha privatización en forma de **cleptocracia**. A súa encarnación máis desvergonzada foi a Rusia de Ieltsin e amigos, de tal forma que en 2004 os 36 multimillonarios rusos (os seus oligarcas) acaparaban un cuarto do PIB. Ucraína apenas lle foi á zaga.

As primeiras eleccións favoreceron ás alianzas liberais ou de centro dereita; pero, con frecuencia, a violenta reacción ocasionada polas penurias económicas e as inevitables decepcións beneficiaron aos ex comunistas, agora vestidos con vestimentas **nacionalistas**. Esta transformación da vella nomenklatura foi menos peculiar do que podería parecer. O comunismo soviético e os nacionalistas tradicionais tiñan un inimigo común (o capitalismo ou Occidente) e os seus herdeiros souberon manipular con destreza un igualitarismo xeneralizado e envexoso (*“polo menos entón todos eramos pobres”*) para atribuír os males do poscomunismo á inxerencia estranxeira.

O desexo de recuperar algún tipo de *“respecto”* internacional orientou gran parte da política exterior de Moscova e explica tanto a natureza da presidencia de Putin como os seus amplos apoios.

4. PRINCIPAIS FOCOS DE TENSIÓN NAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS.

Desde comezos do século XX, a traxectoria científica das Relacións Internacionais está marcada pola dificultade en definir o seu obxecto de estudo. O concepto **sociedade internacional** é cambiante. É por iso que, desde unha perspectiva histórica, non pode falarse dunha única sociedade internacional senón de diversas sociedades internacionais, que van desde a sociedade de Estados europeos, nacida coa paz de Westfalia en 1648, a unha sociedade internacional de alcance mundial, en estado de xestación a partir do vórtice de transformacións desatadas a partir da globalización, a mundialización e o termo da Guerra Fría.

A **orde internacional** é o conxunto de normas adoptadas no seo dunha sociedade internacional, a través das cales búscase regular o seu funcionamento, seguridade e estabilidade. Descansa sobre tres piares: uns valores e principios dominantes que actúan como marco de referencia para os actores; unha configuración determinada de posicións e forzas que leva a unha xerarquización que, polo xeral, é asumida polos membros da sociedade internacional; e, en terceiro lugar, mecanismos e institucións que regulan a dinámica do propia orde internacional.

Como vimos anteriormente, en 1991 terminaba non só a historia da URSS, tamén a historia da Guerra Fría e, para moitos autores, como Hobsbawn, a propia historia do século XX.

Nacía entón a **sociedade internacional contemporánea post Guerra Fría**. Durante a década dos noventa, diversas interpretacións tentaron desentramar o tecido da nova orde internacional. Pearson e Rochester identifican dous grupos de autores. Por unha banda, a “*vertente realista*”, que argumentan a chegada dunha estrutura internacional de carácter multipolar, tras 45 anos de excepcional bipolaridade, cuxas principais dinámicas están constituídas pola difusión do poder e a flexibilidade das alianzas, orixinando un sistema máis inseguro e inestable. Por outro, a “*tendencia globalista*”, que observa un socavamento dos principios básicos da soberanía económica e política, dando como resultado un sistema internacional máis complexo aínda que non necesariamente menos seguro. Cabe agregar a cada unha destas visións, respectivamente, os clásicos con aspiracións omnicomprensivas *The Clash of Civilizations and the Remaking of World Order* de Samuel P. Huntington e *The End of History and the Last Man* de Francis Fukuyama. Fukuyama, probablemente o máis purista da vertente globalista, profetizou a configuración dun sistema internacional caracterizado pola prosperidade mundial baixo a tutela de Estados Unidos e o liberalismo. Pola súa banda, Huntington afirma que a nova e principal fonte de conflito internacional sería cultural, con expresión no enfrontamento entre diversas civilizacións.

Ante a ausencia do “*inimigo*” soviético, a diplomacia estadounidense, encabezada por Bush, enfocouse cara á construción dunha “*nova orde mundial*” que, sustentada no tradicional “*internacionalismo liberal estadounidense*”, fose reflexo dos seus valores e, por tanto, funcional aos seus intereses. As bases da devandita orde (democracia liberal, libre mercado e multilateralismo), orientáronse a substituír as tradicionais utopías antagonistas, no pensamento único.

Con todo, desde mediados dos noventa, as pretensións iniciais contrastaron coa limitada efectividade de Washington, particularmente no referido a consolidar unha posición de hexemonía. O relativo éxito da Guerra do Golfo (ou Primeira Guerra de Iraq), e procesos como o establecemento de réximes democráticos, a difusión do libre comercio, a expansión da OTAN mostrábanse como expresión da vontade de liderado, aínda que entrado o século XXI a complexidade do sistema internacional desbordou os límites da hexemonía de Estados Unidos.

Trazos principais da Orde Post Guerra Fría:

- O principal elemento de continuidade coa orde anterior foi a existencia dun organismo interestatal de carácter universal como é Nacións Unidas. Os esforzos por adaptarse aos novos tempos non foron suficientes para atenuar as críticas. Estas apuntan principalmente ao seu Consello de Seguridade, reflexo do equilibrio de poder posterior ao termo da IIGM e non do actual.
- O trazo distintivo da post Guerra Fría foi a globalización das relacións internacionais. A nova sociedade internacional caracterízase por ser universal, heteroxénea e complexa, crecentemente interdependente, politicamente non integrada e sen regulación adecuada, e desequilibrada e desigual. O Estado debeu adaptarse á proliferación de actores, fluxos e dinámicas que, aínda que xa existían, adquiriron unha fisonomía nova e unha relevancia sen precedente. É así como, froito dos avances das tecnoloxías de información, comunicación e transporte propios da globalización e a descompresión resultante do fin da Guerra Fría, as tendencias cara á heteroxeneización e interdependencia víronse exacerbadas. Dous tipos de actores do ámbito económico exercen gran influencia. O primeiro está representado polos organismos e foros económicos internacionais tales como o Banco Mundial (BM), o Fondo Monetario Internacional (FMI), o G7 e a Organización Mundial de Comercio (OMC), institucións que promoveron a liberalización da economía. Foi precisamente a creación da OMC en 1995, en substitución do GATT de 1947, o evento que desvelou o sentido alcanzado na dimensión económica. O segundo tipo de actor son as empresas multinacionais, as cales, diante da carencia dun réxime internacional que as regule e de límites ideolóxicos que restrinxan os seus movementos e o seu crecente poder económico, adquiriron unha influencia progresiva.

Os atentados do 11S inauguraron a denominada “*guerra contra o terrorismo*” baixo o liderado de George W. Bush e a súa política exterior neoconservadora, que contribuíu a erosionar as bases multilaterais da orde internacional que o seu pai pretendera consolidar. En contraste co apoio multilateral con que contou a Guerra do Golfo de 1991 e, en menor medida, a Guerra de Afganistán de 2001, a invasión a Iraq de 2003 constituíu un desafío de grandes dimensións á orde internacional vixente, particularmente no relativo ao uso da forza. Contravindo a tradicional noción do uso lexítimo da forza como auto-defensa dun Estado fronte a unha agresión externa, Estados Unidos fixo uso da forza militar de maneira unilateral (é dicir, sen a aprobación do Consello de Seguridade), argumentando a posesión de armas de destrución masiva (algo falso) no que veu a denominarse “*doutrina da guerra preventiva*”. O fracaso da intervención estadounidense en Iraq demostrou que, aínda que resultase paradoxal, nin sequera o mesmo Estados Unidos podía actuar en detrimento da orde internacional. O uso preventivo e unilateral da forza ten altísimos custos non só en termos económicos e militares, senón tamén de lexitimidade e apoio internacional.

Con particular forza, a orde internacional unipolar viuse progresivamente ameazado pola emerxencia de novas potencias rexionais con pretensións de exercer influencia a nivel global, destacando China. Países como India, México, Brasil, Sudáfrica e outra serie de potencias medias tamén adquiriron unha importancia crecente, particularmente no exercicio do seu rol de potencias rexionais- mediadoras, culminando na creación do G20.

A crise económica de 2008 puxo en xaque tanto o piar libremercantil da orde internacional de post Guerra Fría, como o proceso mesmo de integración multidimensional europeo, paradigma da visión rexionalista que algunha vez díxose ordenaría o sistema internacional.

Pasemos agora a analizar os **PRINCIPAIS CONFLITOS INTERNACIONAIS**.

RUSIA E ESPAZO POSTSOVIÉTICO:

Destaca a **INVASIÓN RUSA DE UCRAÍNA**, iniciada o 24 de febreiro de 2022, aínda que é un conflito con antecedentes que, polo menos, débense buscar no proceso de desintegración da URSS. Así, como vimos arriba, o colapso soviético trouxo enormes cambios nos países do bloque do Leste, alterando a balanza xeopolítica en Europa. En Ucraína pautas importantes foron a continuidade das elites anteriores, que dominaron o proceso de independencia; a utilización política do nacionalismo para manter o poder; procesos de privatización e de creación dunha nova economía capitalista marcados pola corrupción e a apropiación de recursos pola oligarquía e unha carencia evidente de cultura democrática. En nada disto Ucraína era substancialmente diferente a Rusia. De feito, tras a disolución da URSS, mantiveron estreitos vínculos.

O **Tratado 2+4**, analizado arriba, permitía a unificación alemá e a pertenza do novo país á OTAN. Este era un tema crucial para a RFA, xa que a negativa inicial de Gorbachov a que os territorios da antiga RDA puidesen incorporarse á Alianza Atlántica facía que Kolh tivese que elixir entre a reunificación, declarándose neutral, ou as garantías de seguridade que lle daba a súa pertenza á OTAN (non estaba clara a evolución interna da URSS, con risco de involución). Nese contexto, produciuse unha promesa verbal do secretario de Estado americano, Baker, a Gorbachov, pola que se comprometían a non ampliar a OTAN cara ao Leste. Este pacto verbal é utilizado desde Moscova para xustificar a guerra actual, aínda que nin foi recollido no tratado nin podería selo de ningún xeito (a conferencia de Helsinqui de 1975, si asinada por todas as partes, establecía o dereito de todas as nacións europeas a elixir libremente alianzas, e, aínda que en termos de *realpolitik* estaba claro que os setenta están marcados pola doutrina da soberanía limitada, desde un punto de vista xurídico era vinculante).

Rusia, xa con Ieltsin no poder, acordou co goberno ucraíno que este abandonase o seu arsenal nuclear en 1994 (**Memorando de Budapest**) coa condición de que Estados Unidos, Reino Unido e a propia Rusia brindarían garantías contra as ameazas á integridade territorial ou a independencia política de Ucraína. Cinco anos máis tarde, Rusia foi un dos signatarios da Carta para a Seguridade Europea, que *“reafirmou o dereito inherente de todos e cada un dos Estados participantes a ser libres de elixir ou cambiar os seus arranxos de seguridade, incluídos os tratados de alianza, a medida que evolucionan”*.

En 1991 Polonia, Hungría e Checoslovaquia fundaron o grupo de Visegrado para impulsar a integración europea en base á súa **incorporación á UE e á OTAN**. En realidade, naquel entón o tema fundamental era a UE, coa modernización económica e a choiva de fondos estruturais que traía consigo. Para entender a incorporación á OTAN hai que ter presente a tardía entrada dos países de Europa Oriental na UE, bloqueada durante case 15 anos polo medo dos socios comunitarios aos desaxustes económicos, as repercusións na repartición de fondos comunitarios e os presuntos movementos migratorios masivos. Cando en 1997 foron convidados a unirse á OTAN Polonia, Hungría e República Checa, a principal oposición atopouse no Congreso de Estados Unidos, cunha carta aberta de máis de 40 expertos en política exterior, entre os que estaban Bill Bradley ou Robert MacNamara, na que expresaban a súa preocupación pola ampliación, por cara e innecesaria, tendo en conta a *“falta dunha ameaza externa de Rusia”*. Finalmente en 1999 entraron Polonia, Hungría e República Checa, e en 2004, xa con Putin no poder, fixérono Bulgaria, Romanía, Eslovenia, Eslovaquia, Estonia, Letonia e Lituania. A incorporación dos tres países bálticos irritou ao crecente nacionalismo ruso, ao considerar negativa a entrada de territorios que formaran parte anteriormente da URSS.

No marco das boas relacións iniciais entre Rusia e Ucraína, chegaronse a **acordos para a continuidade da presenza de forzas da Federación Rusa en Crimea** e o mantemento das bases da frota do Mar Negro. Crimea fora anexionada a Rusia en tempos de Catarina a Grande, coa creación dunha importante base militar, en Sebastopol. Kruschev entregoulle a península á República Socialista Soviética de Ucraína, cando era impensable a futura disolución da URSS.

Para entender o actual conflito son moi importantes as **revolucións de cores**, mobilizacións populares contra réximes autoritarios producidas a principios do século XXI. O seu obxectivo era impulsar a democracia mediante a mobilización pacífica e un discurso prooccidental. As principais tiveron lugar no espazo postsoviético, como a revolución das rosas de 2003 en Xeorxia, a revolución laranxa de 2004 en Ucraína ou a revolución dos tulipáns de 2005 en Kirguizistán. Aínda que a primeira foi en 2000, en Iugoslavia, que expulsou a Milošević do poder.

Tamén chegaron a Rusia, que viviu unha **onda de protestas urbanas en 2011** en contra da volta á presidencia de Putin. Ese foi o auténtico punto de inflexión nas relacións entre Rusia e Occidente, cunha impulso ás campañas de información contra as ideoloxías prooccidentais. Segundo China e Rusia, detrás de moitas revolucións de cores está Estados Unidos. Washington favorecería cambios políticos en países da zona de influencia rusa para convertelos en aliados mediante *“golpes suaves”*. Así, China e Rusia, pero tamén outros detractores das revolucións de cores como Venezuela ou Irán, asumiron a narrativa de que calquera protesta no seu territorio, como as manifestacións de Hong Kong da última década, está provocada pola longa man do tío Sam. Con todo, a pesar de que hai unha parte de realidade nesas acusacións, esta intervención *“suave”* tende a coexistir con problemas reais de malestar por parte de amplos sectores da poboación local, cunha esencia nacional, popular e de rexeitamento a estes réximes autoritarios.

Neste contexto entendemos mellor o **Euromaidán ucraíno de 2014**. Os sucesos desencadeáronse en Kiev o 21 de novembro de 2013, despois de que o goberno suspendese a firma do Acordo de Asociación e o Acordo de Libre Comercio coa UE. Unha das esixencias europeas era a liberación de opositores. O goberno ucraíno reprochou a falta do apoio económico que compensase o “*divorcio comercial*” con Rusia, á vez que admitía que fora Moscova quen os presionaba a non selar o pacto. Entón producíronse varias concentracións esixindo retomar o diálogo coa UE. Entre os impulsores atopamos organizacións sociais, a oposición política (incluído o grupo de extrema dereita Sector Dereito, instigador de violencia) e as igrexas ucraínas. As protestas desembocaron en disturbios. Entre tanto, fóronse expandindo ao longo do centro e oeste do país e con algúns focos no leste, maioritariamente ruso. O 21 de febreiro (tras o chamado “*Xoves Negro*” no que morreron máis de 60 manifestantes), aprobouse un acordo entre goberno e oposición para adiantar as eleccións, formar un goberno de transición, volver á Constitución de 2004 e frear a violencia. Esa madrugada Yanukóvich, sen informar o parlamento, abandonou a capital. O 22 de febreiro a Rada destituíuno. O 28 de febreiro reapareceu en Rostov (Rusia), onde denunciou un golpe de Estado. A poboación ucraína atopábase dividida: o maior apoio cara á integración coa UE atopámolo en Kiev e no oeste; reducíase no centro, o sur e, sobre todo, no leste e en Crimea, claramente prorrusas. De feito, nesas zonas iniciáronse unha serie de manifestacións de rusófilos opostos a Kiev e que anhelan estreitar os seus vínculos (ou inclusive integrarse) con Rusia.

Pero, sobre todo, produciuse unha intervención militar, onde as forzas armadas de Rusia despregáronse en Crimea. **A adhesión de Crimea a Rusia** (2014) non é recoñecida por Ucraína, que a considera ilegal, igual que Estados Unidos e a UE, provocando a peor crise nas relacións entre Rusia e Occidente desde o final da Guerra Fría, con fortes sancións.

Tamén en 2014 empezou a **Guerra do Donbás**, conflito armado entre o goberno de Ucraína e as forzas separatistas prorrusas. Ao perder o poder Yanukóvich, no leste numerosos manifestantes tomaron sedes de gobernos proclamando de facto a independencia de diferentes localidades. As protestas prorrusas intensificáronse tras a adhesión de Crimea e xa en abril un grupo de manifestantes proclamou a República Popular de Donetsk (RPD). As autoridades de Kiev puxeron en marcha unha “*operación especial*” coa participación das forzas armadas. O 17 do mesmo mes celebrouse unha reunión en Suíza entre os xefes da diplomacia de Ucraína, a UE, Estados Unidos e Rusia, aprobando un documento para poñer fin ao conflito. Non foi aceptado polas milicias prorrusas. A República Popular de Lugansk (RPL) foi proclamada o 28 de abril. As violencia empregada polo exército ucraíno nese verán foi especialmente intensa, con violacións graves dos dereitos humanos. O Protocolo de Minsk foi un acordo para poñer fin á guerra, asinado por representantes de Ucraína, a Federación Rusa, a República Popular de Donetsk e a República Popular de Lugansk o 5 de setembro de 2014, baixo os auspicios da OSCE. Con todo, non foi respectado polas distintas partes e non logrou o seu obxectivo. Rusia condenou reiteradas veces as accións do goberno ucraíno, cualificando as súas accións de xenocidio. Ucraína acusou a Rusia de intervir no conflito axudando aos separatistas prorrusos. Ata o comezo da invasión rusa de Ucraína de 2022, a guerra do Donbás provocara máis de 14000 vítimas mortais entre civís e combatentes de ambos os bandos.

A guerra ruso- ucraína iniciada en 2022 pódese rastrexar desde inicios de 2021, cando Rusia reuniu ao redor de 100000 soldados preto da súa fronteira. En decembro presentou dous borradores que contiñan solicitudes do que denominou “*garantías de seguridade*”, incluída unha promesa xuridicamente vinculante de que Ucraína non se uniría á OTAN e unha redución das tropas e do equipo militar da Alianza en Europa do Leste. A OTAN rexeitounos e Estados Unidos advertiu de sancións económicas “*rápidas e severas*” en caso de invasión. O 21 de febreiro de 2022, Rusia recoñeceu a República Popular de Donetsk e a República Popular de Lugansk. Na mañá do 24 de febreiro, Putin anunciou que Rusia estaba a iniciar unha “*operación militar especial*” no Donbás e lanzou unha invasión a gran escala en Ucraína. Afirmou que non había plans para ocupar o territorio ucraíno e que apoiaba o dereito dos pobos de Ucraína á autodeterminación. O 7 de abril as tropas rusas retiráronse da ofensiva de Kiev para reforzar as fronteiras sur e leste, aínda que na actualidade parece claro que as apetencias territoriais de Moscova van máis aló do Donbás, algo recoñecido polo propio ministro de exteriores Lavrov.

Segundo ACNUR, en agosto de 2022 os ucraínos que deixaran o seu país ascendían a 6 millóns, con máis de 7 millóns de desprazados internos, o maior fluxo de refuxiados en Europa desde o fin da Segunda Guerra Mundial.

Desde o inicio da intervención, a UE e varios aliados occidentais decidiron aumentar as sancións contra o goberno ruso iniciadas en 2014. Envían armamento e entregan axuda económica ao goberno de Kiev. Alemaña anunciou un rearmamento de proporcións nunca vistas desde o fin da Segunda Guerra Mundial.

Como resposta, Rusia está a utilizar a enerxía para presionar a Europa Occidental, provocando unha subida alarmante dos prezos, fortes tensións inflacionistas e unha situación económica imprevisible e difícil de valorar neste momento.

Os enfrontamentos continúan, polo que non é posible facer un balance definitivo das consecuencias humanas, materiais e xeopolíticas que vai ter o conflito.

No resto do espazo postsoviético, **Bielorrusia** achegouse cada vez máis a Rusia.

Moldavia basculou varias veces de Rusia a Romanía ao longo da historia. Os seus catro millóns e medio de habitantes son maioritariamente moldavos, pero con importantes minorías. Despois das eleccións de 1990, o novo Goberno procedeu a declararse soberano. Estas medidas suscitaron inquietude entre os rusofalantes, que puxeron en marcha un separatismo preventivo. Os líderes comunistas de Tiráspol (principal cidade de Moldavia oriental, na outra beira do río Dniéster) proclamaron a República Socialista Soviética Autónoma de Transdniéster. A “*independencia*” contou co aval que proporcionaba a presenza do XIV corpo de exército soviético, e o territorio permanece protexido por Moscova ata o presente.

As tensións entre **Acerbaixán e Armenia** polo Alto Karabaj empezaron mesmo antes do colapso da Unión Soviética. Esta rexión está tradicionalmente habitada por armenios. Con todo, Stalin decidiu que quedase dentro das fronteiras de Acerbaixán. A finais dos oitenta, co fin da URSS preto e o auxe dos movementos independentistas, a poboación do Karabaj comezou a reclamar unirse a Armenia. Acerbaixán negouse, o que desatou masacres de civís e desprazamentos de poboación. A falta de acordo fixo estalar unha guerra que durou ata 1994. Para entón Armenia dominaba o Alto Karabaj e ocupara unha franxa de territorio acerbaixano ao redor da rexión. Os enfrontamentos nunca cesaron do todo. Desde 2015 agrávanse, aumentando o gasto militar de ambos os países, aínda que a riqueza de hidrocarburos de Acerbaixán permítelle gastar case seis veces máis. En 2020 Bakú optou por un enfrontamento militar con Armenia. É importante o apoio de Turquía a Acerbaixán e a súa inimidade histórica con Armenia (lembremos o xenocidio armenio de principios do século XX). Co apoio de Ankara e grazas á súa superioridade militar, Acerbaixán aproveitou para recuperar territorio. Rusia adoita ser visto como un aliado de Armenia, pero mantén unha posición de mediador. Moscova tamén ten intereses económicos en Acerbaixán, un gran comprador de armas rusas. Aínda por riba, hai mercenarios provenientes da guerra Siria loitando ao lado de Acerbaixán, o que pode revitalizar o problema xihadista no Cáucaso, unha gran preocupación rusa. E, finalmente, Rusia e Turquía están inmersas en conflitos en Libia e Siria apoiando a bandos opostos.

Xeorxia é un dos potenciais focos de tensión. Tras a disolución da URSS, as repúblicas autónomas de Abxasia e Axaria e o distrito autónomo de Osetia do Sur mantiveron un pulso contra o Goberno de Tiflis. O problema era que Xeorxia nunca fora un Estado cultural ou etnicamente homoxéneo. Osetia do Sur proclamou a independencia respecto a Xeorxia, ao que o Goberno central respondeu anulando a autonomía. En 1992, tras meses de escaramuzas, o goberno ruso asegurou un cesamento do fogo administrado pola OSCE. O conflito mantívose paralizado ata 2008. A década dos 90 foi caótica e violenta, cunha forte guerra civil en Xeorxia. O desgaste de Rusia tras a transición á economía de mercado e a súa incapacidade para someter aos insurxentes chechenos fixeron que Shevardnadze decidise dar un xiro e estreitar os seus lazos coa OTAN. O achegamento foi tímido e o ascenso en Rusia de Putin provocou que o presidente xeorxiano fora máis cauto, aínda que as relacións comezaron a deteriorarse en 1999 co estalido da guerra en Chechenia. As dificultades económicas fixeron que a base de poder de Shevardnadze cambaleara. O principal líder da oposición era Saakashvili, impulsando protestas. A revolución das rosas (2003) triunfaba sen derramamento de sangue coa mediación do ministro de Exteriores ruso, Ivanov. O novo presidente rodeouse dun equipo de ministros e asesores novos e educados en Occidente e solicitou o ingreso na OTAN. As tensións aumentaron a medida que as relacións con Rusia empeoraban. O primeiro en disparar foi Saakashvili, que en 2008 ordenou ao exército xeorxiano retomar o control de Osetia. Moscova interveu en axuda dos rebeldes osetios e en tan só cinco días expulsou ás tropas xeorxianas (*Guerra dos Cinco Días*). Occidente apoiou timidamente a Xeorxia, pero non ofreceu asistencia militar. Meses despois, a OTAN negaba o ingreso a Xeorxia.

En **Casaquistán** estalaron revoltas en xaneiro de 2022, despois un repentino aumento dos prezos do gas. En resposta aos disturbios, a Organización do Tratado de Seguridade Colectiva (alianza militar de estados postsoviéticos que inclúe a Armenia, Bielorrusia, Kirguizistán, Rusia, Tadxiquistán e Casaquistán) acordou despregar tropas. Foi cualificada por algúns expertos como unha revolución de cores, aínda que é discutible. A intervención rusa controlou a situación con rapidez.

Son remarcables as boas **relacións entre Rusia e China**, con posibles pasos cara á integración do espazo económico de Asia Central a través de organizacións como a Organización de Cooperación de Shanghái (Irán negocia a súa entrada) ou a Unión Económica Euroasiática.

No **RESTO DE EUROPA**, continúan os problemas relacionados cos intentos de secesión de determinados territorios, aínda que o terrorismo desapareceu.

Un conflito larvado importante témolo en **Chipre**, Estado membro da UE, pero que só controla dous terzos da illa. O norte foi ocupado en 1974, instaurando a República Turca do Norte de Chipre, recoñecida unicamente por Turquía.

Outros conflitos danse entre Grecia e Turquía, ao redor de certas delimitacións e posesións marítimas no Exeo; o enclave ruso de Kaliningrado dentro dunha UE ampliada.

AMÉRICA LATINA E CÁRIBE:

En **Venezuela** combínanse unha forte polarización política, con graves problemas económicos: hiperinflación, depresión económica, escaseza e desabastecemento; unido ás frecuentes tensións cos países veciños, como Colombia (aliviadas coa chegada de Petro).

Outro ámbito complexo é o dos débiles **países centroamericanos**, onde a penetración dos cárteles do narcotráfico converte a zona nun serio problema para a estabilidade rexional. A impunidade, a corrupción e a debilidade das institucións socavan o Estado de Dereito.

Tamén continúan sendo relevantes os **problemas sociais cos grupos de indíxenas rurais** que son marxidados, como sucede en Chiapas (México).

MUNDO ÁRABE E ASIA. As manifestacións do mundo árabe de 2010- 2013, coñecidas como Primavera Árabe, corresponderon a unha serie de protestas populares, en principio en defensa da democracia, e relaciónanse coas revolucións de cores anteriormente analizadas. A xénese ocorreu en 2010 en Tunisia, causando un efecto dominó. As protestas derrocaron a Ben Alí. En Exipto saíron a manifestarse millóns de persoas contra Mubarak, os libios contra Gadafi, en Siria contra Al Assad, en Iemen contra Saleh e en Alxeria contra Buteflika.

Oriente Próximo e Medio, xunto a África, é o principal foco de tensión internacional.

En **Iraq** despois da intervención de EEUU o conflito sectario entre xiítas e sunnitas foi en aumento. Recruouse coa aparición do islamismo radical. Tras facerse rapidamente co control de Mosul, a terceira cidade de Iraq, case sen oposición, avanzaron cara a Bagdad á vez que estendían o terror entre os iraquís que non se convertían. Os ataques aéreos das potencias e a ofensiva terrestre dos kurdos minaron a súa capacidade.

A **Guerra Civil Siria** é un conflito iniciado a principios de 2011 no marco das primaveras árabes. Enfróntanse as forzas armadas de Siria contra grupos armados rebeldes de diversa índole. Máis adiante, numerosos combatentes rebeldes uníronse aos xihadistas do Estado Islámico de Iraq, o que lle permitiu expandirse e invadir vastas extensións de Siria. Debido á participación de numerosas potencias estranxeiras foi denominada tamén como unha guerra subsidiaria. O goberno sirio conta con Rusia, país aliado desde tempos da URSS; Irán e a organización libanesa Hezbolá. A oposición siria é apoiada por Estados Unidos, Turquía, Arabia Saudita e outros países aliados occidentais e do golfo Pérsico.

Ao longo da década dos dez, acabouse impoñendo Rusia, cunha presenza crecente en Oriente Próximo. Así, o conflito en Ucraína, coa consecvente anexión de Crimea en 2014, marcou un punto de inflexión. As sancións impostas a Rusia pola UE resultaron ser un aliciente máis para que a esfera de poder rusa desenvolvese unha política exterior en Oriente Próximo a longo prazo. Durante os primeiros anos de guerra fixo de provedor e deu apoio diplomático usando o seu dereito de veto na ONU. Con todo, a aparición do autoproclamado Estado Islámico e a solidez militar dos rebeldes sirios (sufragados por Estados Unidos) provocaron a intervención militar directa de Rusia en setembro de 2015. En 2017 o Daesh foi derrotado pola coalición internacional. Assad e o seu exército saíron vitoriosos.

En **Palestina** o conflito árabe- israelí leva algo máis dun século vivo (ver tema 51).

Iemen, tamén dividido en sunnitas e xiítas, repite o mesmo conflito de tantos outros países árabes. A actual guerra civil é consecuencia do golpe de Estado de 2014 contra o presidente Al-Hadi. A organización Al-Qaeda na Península arábiga (AQPA) e o Estado Islámico de Iraq tamén participaron. Hai en curso unha intervención militar estranxeira que comezou cando a coalición de Estados árabes, liderada por Arabia Saudita, emprendeu unha campaña aérea e terrestre, en 2015, para tentar repeler ás forzas huties, presuntamente apoiadas e armadas por Irán. A finais de 2021 as axencias da ONU estimaron que polo menos 377.000 persoas morreron como consecuencia dos combates e a crise humanitaria.

O conflito de **Afganistán** ten a súa orixe nos anos oitenta. Tras a invasión da URSS, o país sumiuse nunha guerra civil entre diferente ramas dos loitadores islámicos de onde xurdiron os talibán, xerme de Al Qaeda. Tras o 11S, Estados Unidos invadiu o país, desenvolvendo unha ocupación prolongada, custosa e pouco efectiva. Dominaron os enfrontamentos internos e a corrupción, o que impulsou o extremismo. En 2020 a administración Trump chegou a un acordo cos talibán para retirarse do país. Biden ampliou o prazo, manténdose firme no seu desexo de poñer fin ao papel militar de EEUU (2021) a pesar das críticas tras a rápida conquista do país por parte dos talibán e o colapso do goberno apoiado por EEUU. Os erros nos plans de evacuación resultaron moi negativos para a súa imaxe.

A política exterior de China e os conflitos no Afastado Oriente: Taiwán e Corea do Norte. Desde a fundación da República Popular en 1949, China tivo unha política exterior reactiva, ao asumir unha función de pivote na competencia estratéxica entre potencias. Desde o fin da Guerra Fría, Beixing seguiu unha estratexia que inclúe: a mellora das relacións cos seus veciños; a colaboración con Rusia para equilibrar a primacía norteamericana; e o desenvolvemento dunha diplomacia rexional orientada a crear unha contorna no que o sistema de alianzas de Estados Unidos deixe de ser necesario. A relación entre China e Estados Unidos é probablemente a máis complexa do sistema internacional. A impresionante capacidade económica e militar chinesa fan xa da República Popular un potencial rival da hexemonía norteamericana.

Taiwán continúa sendo o problema central. Estados Unidos mantén o acordo de venda de armamento de 2001 e o Congreso designou Taiwán como un *non-NATO ally*. Ao mesmo tempo, reafirmou o seu compromiso coa política de “*unha soa China*” e reiterou que non apoia a independencia taiwanesa. A recente visita da presidenta do Congreso, Pelosi, á illa, provocou unha forte crise diplomática. Beixing non abandonará nin a súa diplomacia coercitiva nin a presión militar.

No nordés de Asia, China fai fronte a unhas complicadas relacións con Tokio e á crise nuclear aberta por Pyongyang. A pesar dos seus lazos históricos, a influencia de China sobre Corea do Norte é menor da que se adoita pensar. Desde que Deng Xiaoping puxo en marcha as reformas, acabou coas axudas directas e criticou o culto á personalidade de Kim Il Sung, as relacións non son fluídas. China comparte con Estados Unidos o obxectivo dunha península desnuclearizada, en parte polo temor de que Xapón desenvolva o seu propio programa nuclear. Con todo, discrepa da política de sancións económicas e illamento diplomático.

ÁFRICA:

En **Libia**, a primeira guerra civil foi un conflito bélico internacional que comezou en febreiro de 2011. Enfrontou ao goberno libio de Muamar o Gadafi contra diferentes grupos opositores organizados no chamado Consello Nacional de Transición, apoiados por diferentes países estranxeiros, principalmente Francia e a OTAN, e tivo como contexto a chamada Primavera Árabe. Os grupos sublevados armados chegaron a tomar o control dalgúns cidades. A resposta armada que deu foi cualificada por algúns países como un atentado contra os dereitos civís. Eses países, liderados por Francia, realizaron unha intervención. A guerra finalizou coa derrota dos partidarios de Gadafi, a súa morte e o control total do país por parte dos rebeldes do Consello Nacional de Transición. En 2014 estala un novo conflito quedando o país dividido en diferentes zonas de influencia e sumido nunha violencia endémica. A caída de Gadafi afectou moito ao Sahel. A pesar das súas excentricidades e violacións dos dereitos humanos, conseguira levar a Libia á cúspide dos índices de desenvolvemento humano do continente, e deixou un baleiro enchido por organizacións terroristas e redes criminais de tráfico internacional.

No **Sahara Occidental**, a independencia en 1974 foi impedida polo acordo de Madrid que daba o territorio español a Marrocos e Mauritania, despois apartada do proceso. O Polisario loitou durante decenios, sen éxito, e o conflito prolóngase, mentres o referendo prometido pola ONU segue sen efecto e Marrocos prosegue a súa integración do territorio.

A **República Centrafricana** vive un sanguento conflito relixioso entre a maioría cristiá e a minoría musulmá.

En 2011 naceu a **República de Sudán do Sur**, tras máis de 50 anos de enfrontamentos. Os conflitos non só foron resultado dun enfrontamento relixioso entre os musulmáns do norte e cristiáns e animistas do sur, senón tamén da loita polo control dos recursos naturais. Durante a segunda guerra civil sudanesa, que durou máis de 20 anos, foron asasinados aproximadamente 1,9 millóns de civís no sur, con máis de 4 millóns de desprazados.

En **Mali** avanza rapidamente o xihadismo. No conflito están involucrados as etnias do norte coa poboación negra. A grandes liñas, trátase da disputa entre a cultura Songhai (de raza negra, cunha economía agrícola) e a bérber ou tuareg (islámicos e de vida nómade). Á cuestión étnica hai que sumarlle os enfrontamentos territoriais ao redor da rexión de Azawad. Adquiriu unha dimensión internacional coa implicación de Francia, con consecuencias para toda a rexión do Sahel. O caos foi aproveitado polos grupos islamitas Ansar al Din e Mujao.

Somalia constitúe o paradigma de estado fallido, desde hai anos converxen todos os factores de inestabilidade posibles: corrupción, falta de democracia, violación de dereitos humanos, lento desenvolvemento e terrorismo. Ademais, o islamismo radical, o auxe da piratería, o problema das secas e fames negras e masas de desprazados internos e refuxiados.

A **República Democrática do Congo** (RDC) baila o ritmo do coltán, indispensable para a creación de dispositivos móbiles. A súa extracción xerou un gran conflito interno, causando un gran número de mortos e explotación infantil. Aínda que as rivalidades étnicas remóntanse a tempos ancestrais, as tensións aumentaron a partir de 1994, tras a chegada de máis dun millón e medio de refuxiados que escapaban do xenocidio en Ruanda. As organizacións de dereitos humanos insisten en que EE.UU., Alemaña, Bélxica e Casaquistán (principais destinatarios, pero non os únicos, do coltán) e as multinacionais están a financiar o conflito, sustentado igualmente polo comercio ilegal de diamantes.

En **Nixeria**, os terroristas de Boko Haram destrúen escolas. O obxectivo é impoñer a sharía en todo o país africano e por iso realizan ataques violentos contra unha poboación indefensa.

CONSECUENCIAS. MIGRANTES E REFUXIADOS: En Siria o resultado, segundo Amnistía Internacional, foi uns 0,3 millóns de mortos e 12,8 millóns de persoas que necesitan asistencia humanitaria urxente. Máis do 50% da poboación está en situación de desprazamento. A pesar do drama das mortes no Mediterráneo, non se actuou con decisión. A resposta dada contrasta moito coa ofrecida á crise ucraína (presentamos datos arriba), onde institucións como a UE e os distintos países membros si estiveron comprometidos.

PAPEL DAS ORGANIZACIÓNS SUPRANACIONAIS. A ONU E A UE:

A **Organización das Nacións Unidas** defínese como unha asociación de goberno global que facilita a cooperación en asuntos como o Dereito internacional, a paz e seguridade internacional, o desenvolvemento económico e social, os asuntos humanitarios e os dereitos humanos. Foi fundada en 1945 en San Francisco, coa firma da Carta das Nacións Unidas. En puntos anteriores reflexionamos sobre a importancia do Consello de Seguridade nas relacións internacionais, durante a Guerra Fría e posteriormente.

A **Unión Europea** é unha asociación económica e política única no mundo, formada por 27 países. Contribuíu a elevar o nivel de vida, creou unha moeda única e está a construír un mercado único de persoas, bens, servizos e capital. O que comezou como unha unión puramente económica, evolucionou ata converterse nunha organización activa en todas as fronteiras, desde a axuda ao desenvolvemento ata a política internacional.

5. BIBLIOGRAFÍA.

- DAHL, R. (1993): *La democracia y sus críticos*. Barcelona, Paidós.
- FORTI, S. (2021): *Extrema derecha 2.0. Qué es y cómo combatirla*. Madrid, Siglo XXI.
- JUDT, T. (2006): *Postguerra, una historia de Europa desde 1945*. Madrid, Taurus.
- NÚÑEZ RIVERO, C. (1997): *Los regímenes políticos contemporáneos*. Madrid, UNED.
- SEPÚLVEDA, I. et al. (2010), *Historia del Mundo Actual*. Madrid, Síntesis.
- SZMOLKA, I. (2010), “Los regímenes políticos híbridos: democracias y autoritarismo con adjetivos. Su conceptualización, categorización y operacionalización dentro de la tipología de regímenes políticos”, *Revista de Estudios Políticos*, 147, pp. 103- 135.

